

INTELIXENCIA EMOCIONAL E PARA A  
CREATIVIDADE (IEC)

MATERIA DE LIBRE CONFIGURACIÓN DE CENTRO  
PROGRAMACIÓN CURRICULAR E DIDÁCTICA  
CURSO 2021-22

Departamento de Orientación.  
Profesora: M<sup>a</sup> Isabel Ulla Cela  
IES FIN DO CAMIÑO. FISTERRA

---

## 1.TÍTULO DA MATERIA:

### INTELIXENCIA EMOCIONAL E PARA A CREATIVIDADE (IEC)

## 2.XUSTIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA OFERTA DO CENTRO

Fundamentamos a inclusión desta materia na oferta do centro polos seguintes motivos:

A materia ten relación directa cos proxectos de innovación do centro relacionados coa convivencia escolar. A intelixencia emocional e para a creatividade é unha evolución deses proxectos ao contribuír que o alumnado teña mais ferramentas para resolver os seus conflitos de xeito pacífico, sexan mais conscientes e afronten os problemas da vida real dun xeito mais saudable.

- Dende o curso 2008-09 o IES Fin do Camiño, ven traballando na promoción dos factores que favorecen a convivencia escolar a través de varios grupos de traballo e proxectos de innovación.
- No curso escolar 2008-09, fórmanse dous grupos de traballo ó redor desta temática. O primeiro, “Protocolos para a convivencia”, centrado na revisión das normas de organización e funcionamento; o segundo, con título “Camiño da convivencia” que tivo como misión analizar a convivencia do centro e estudar medidas organizativas de resolución pacífica de conflitos.
- Nos cursos escolares 2009-11, sucédense os proxectos de Agrupación de Centros Educativos do Ministerio (ARCE) cos títulos de “Implantación e mellora de medidas organizativas de xestión pacífica de conflitos” e “A mediar! Manual de implantación dun servizo de mediación escolar”, así como o grupo de traballo de nome “Estratexias organizativas de xestión dos conflitos”,
- Nos cursos escolares 2011-12 e 2012-13, concédese ó centro escolar o plan de mellora da competencia social e cidadá e a liña 3 dos Contratos-Programa sobre mellora da convivencia. Esta liña 3 dos Contrato-Programa mantense actualmente.
- Tamén, o centro está coordinando un proxecto de agrupación de centros a nivel nacional con título: “Desenvolvemento de las competencias básicas a través del Aprendizaje y Servicio” convocado pola *Resolución de 30 de septiembre de 2014 (BOE 3.11.2014)* no que concedemos una importancia central á competencia social e cidadá.
- Estas iniciativa lles valeron ao centro os recoñecemento do **3º premio nacional de boas prácticas para o impulso e a mellora da convivencia do ano 2010, Finalistas Autonómicos do premio de Acción Maxistral do ano 2011, accésit ao Premio de**

***Innovación Educativa 2014-15 Fete-UGT e Finalistas Nacionais do Premio de acción maxistral do ano 2014.***

A materia atende e profundiza nos aspectos do proxecto educativo do centro:

- No Plan de Convivencia, dentro do apartado 3, destácase a educación emocional como un obxectivo prioritario do plan. Xunto cos plans de habilidades sociais, a intelixencia emocional forma parte das estratexias previstas no apartado 6º do mesmo plan, como axudas á aula de convivencia.
- proxecto educativo do centro fai constar o déficit nas habilidades sociais e emocionais do alumnado debido ós factores sociofamiliares propios da contorna na que está o centro. Ademais, dentro do Plan de Acción Titorial, no apartado 7.8.4 consta o fomento das habilidades sociais e a atención do autoconceito e a autoestima do noso alumnado como contidos destacados.
- Finalmente destacamos, a implantación desta materia, forma parte dos obxectivos estratéxicos presentados á dirección do centro e que constarán na programación xeral anual do curso 2015-16, elaborados polo grupo de traballo “convivencia e rendemento académico” dentro da liña 3 do contrato programa do curso pasado. E dende ese curso se desenvolve no centro, e dende o curso 2016-17 en 2º curso da ESO
- Neste curso é importante sinalar que se vai reforzar a implementación desta materia coa liña de EDUCONVIVE do Contrato Programa e o desenvolvemento dos Programas [base o programa de acollida de apoio sociomocional](#) por covid de Monica Diz e o “Programa Psico educativo para postemerxencia en centros educativos” editado polo Colexio De Psicoloxía de Galicia ; que se van a desenvolver en todos os curso a través do PAT

### 3. PROFESORA QUE A IMPARTIRÁ A MATERIA NO ANO ACADÉMICO 2017-18

María Isabel Ulla Cela, orientadora do centro escolar.

## 4)CURRÍCULO DA MATERIA

### 4.1. INTRODUCCIÓN

O avance da investigación científica recente, especialmente a neurociencia, destaca o papel das

emocions na toma de decisións e o benestar do individuo. Así tamén, a creatividade revélase como unha cualidade nun mundo cambiante, baseado no coñecemento, e no que a innovación terá un papel no progreso da sociedade. Unha sociedade máis xusta e democrática será aquela que na que as persoas resolvan pacificamente os seus conflitos, rexeiten a violencia e os modelos de dominio e submisión.

A educación para o desenvolvemento emocional e para a creatividade ten por finalidade validar o papel que desempeñan os aspectos do mundo emocional e creativo en relación cos contidos curriculares, a convivencia escolar positiva e a educación integral da persoa. Así, o alumnado atopa na escola un espazo e un tempo que contribúe ao desenvolvemento das competencias, tanto desde a conciencia e a regulación emocional e a xestión positiva dos conflitos como desde a creatividade. A materia incide directamente e de forma integradora na intelixencia emocional (intra e interpersonal) e na intelixencia creativa. A intelixencia emocional e a creatividade son, entón, capacidades que se desenvolven e se educa para aumentar o benestar persoal. O alumnado que é máis feliz, confiado, asertivo, resiliente, orixinal, innovador, audaz, equilibrado... ten máis éxito na escola e na vida e é capaz de resolver os conflitos interpersoais pacificamente aceptando o punto de vista do outro.

É importante resaltar a idea de transversalidade e globalidade que ten esta materia. As emocións e a creatividade están presentes en calquera situación de aprendizaxe que se xere no aula. Por esta razón, esta materia ten que ser vista como unha oportunidade para que as emocións e a creatividade impregnen todas e cada unha do resto de materia da etapa. Neste sentido, ten máis sentido si se contempla desde a súa relación e integración co resto das áreas.

Desde esta área o alumnado aprenderá a recoñecer, regular e desenvolver o seu mundo emocional e creativo de xeito afectivo e efectivo para procurarse un sistema de pensamento que lle axude a tomar decisións adecuadas segundo o seu desenvolvemento psicoevolutivo. Así tamén, aprenderá a relacionarse asertivamente e a resolver os conflitos de xeito pacífico.

#### 4.2.. CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS CHAVE

En primeiro lugar, favorece a Competencia en Comunicación Lingüística (CCL) de xeito específico, dado que a comunicación emocional e creativa supón unha bisagra entre o mundo interno e externo do neno e da nena. A expresión, para a comprensión, das emocións e a creatividade desde a linguaxe oral e escrita supón un nivel de conciencia emocional que requirirá do alumnado o uso dun vocabulario específico, rico e variado para a exploración, a comunicación

e a toma de conciencia. Así, recoñecer, nomear, definir, mostrar, clasificar... implican a alfabetización emocional e creativa para entender accións e intencións propias e alleas, o que permitirá ao alumno aprender a formular xuízos con criterio propio, a cuestionar crenzas e tópicos, a expoñer e sustentar opinións de forma fundamentada.

En segundo lugar, a materia proporciona claves que fortalecen os procesos cognitivos relacionados coa Competencia Matemática e Competencias Básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCT). Planificar procesos de resolución de problemas; establecer estratexias e procedementos, e revisalos; adecuar o nivel de frustración ante os erros; comprobar e comunicar unha posible solución; sopesar valoracións persoais e de interacción mutua... son algúns dos modelos que se dan tanto en situacións de conciencia e de regulación emocional como de creatividade. Todo iso relaciónase con procesos matemáticos, científicos e tecnolóxicos, aportando solucións diversas e abertas. Será importante, entón, desenvolver ideas, principios e accións propios dunha investigación que permitan analizar os fenómenos internos e externos. Así mesmo, a obtención de información e o establecemento de conclusións entrañan actuar, estimar, reflexionar, analizar, imitar, vivenciar, obter modelos e identificar relacións e estruturas, baseadas tamén nas matemáticas, a ciencia e a tecnoloxía.

En terceiro termino, concórrese desde esta área á Competencia Dixital (CD) mediante o uso positivo das mesmas como parte fundamental da metodoloxía, mediante o exercicio libre e crítico en función das habilidades cognitivas e do nivel de desenvolvemento do pensamento. A creatividade, en toda a súa expresión, impulsa esta competencia e fomenta o seu uso artístico e comunicativo, conciliando o mundo emocional e o dixital.

En cuarto lugar, destácase a contribución da materia á Competencia Aprender a Aprender (CAA), especialmente ao perseguir a conciencia dos procesos internos e externos: aprendendo da acción, desde o aprender facendo, desde a escoita activa, desde o propio coñecemento de valía persoal; desde o saber coñecer, saber facer, o saber ser ou estar e o saber convivir. A área permite tamén a posta en marcha de múltiples factores de desenvolvemento persoal e de interacción entre iguais, cos adultos e o medio: a autoestima, o pensamento crítico, o liderado, a creatividade, a motivación, a confianza, a flexibilidade, a responsabilidade, o recoñecemento mutuo e a conciencia dunha necesaria formación permanente.

En quinto lugar, dende a materia axúdase de xeito notable ás Competencias Sociais e Cívicas (CSC), pois propicia o propio recoñecemento como acode con valores, e dons propios que lle é posible descubrir e fortalecer en compañía dos seus iguais e dos adultos na familia, na escola,

no barrio e na sociedade en xeral. Para iso, terá que determinar o seu nivel de compromiso co benestar persoal e social mediante a interpretación e a elaboración de solucións xustas, eficaces, seguras e agradables a conflitos persoais e colectivos en diversos contextos e niveis sociais. A participación e a toma de decisións desde a conciencia, a creatividade e a regulación emocional sentarán as bases para alcanzar a meta educativa do coñecemento de valores democráticos, solidarios e igualitarios.

Propíciase, en sexto lugar, a Competencia Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor (CSIEE) desde a planificación e concepción da vida persoal e social como proceso de cambio permanente, pois na área axúdase a establecer patróns abertos á inferencia e á combinación de deseños con criterio propio para cuestionar tópicos e expoñer e sustentar opinións de xeito fundamentado. A aprendizaxe de habilidades emocionais, creativas e cognitivas que aporten solucións xenuínas e orixinais ás actividades lúdicas e de estudo, de lecer e de investigación do alumnado levará o emprego de estratexias alternativas de comportamento xeradoras de emocións estables e duradeiras, individual e colectivamente, de modo que o alumnado se inicie en compartir a súa creatividade e expoñela, co obxectivo de espertar noutras persoas emocións similares ou diferentes ás súas. A competencia requirirá desta área para a proxección socioafectiva en proxectos de cooperación e de desenvolvemento que comporten, ademais, aspectos creativos.

Para rematar, a materia posúe unha vinculación importante coa competencia Conciencia e expresións culturais (CCEC), pois ten que ver co recoñecemento dos alumnos e as alumnas como persoas únicas e singulares. O descubrimento e aprecio da riqueza das diferenzas e as semellanzas persoais e grupais supón incidir no propio benestar persoal e contribuír ao benestar social desde o goce das diferentes linguas, expresións artísticas... A partir do estudo de diversas manifestacións culturais prodúcese o achegamento e a comprensión de ideas alleas, disciplinas e proxectos que contribúen ao desenvolvemento da propia creatividade, ao mesmo tempo que achegan ao alumnado ao mundo emocional e creativo doutras persoas.

Tamén, a aposta por unha metodoloxía que emprega os recursos audiovisuais para que o alumnado realice creacións propias contribúe a esta competencia.

Dende a materia proponse convidar á comprensión das propias crenzas e costumes, así como á posible reformulación destas, valorando positivamente aqueles aspectos que comportan ideas novidasas; invítase a estimular, a acompañar, a asumir riscos; a favorecer intercambios persoais e sociais; a persistir e respectar a veracidade para aprender a xestionar as emocións e a ser, en definitiva, persoas máis felices e honestas.

### 4.3. CONTRIBUCIÓN AOS OBXECTIVOS DA ETAPA

As principais achegas da materia á consecución dos obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria, céntranse na comprensión e a valoración de experiencias emocionais prestando atención ás sensacións do corpo, descubrindo o que lle sucede internamente e escoitando esas emocións nas demais persoas, observando os seus xestos e atendendo ás súas palabras para coñecer e entender que están sentindo e comunicando en determinados momentos.

Outro aspecto que cobra especial relevancia para o alumnado é a capacidade de relacionarse activamente e saber comprender ás demais persoas. Con ese fin ensínase a previr e resolver conflitos desde o diálogo, desenvolvendo habilidades sociais (empatía e asertividade, escoita activa), o que resulta primordial nesta etapa; dotando ao adolescentes das ferramentas necesarias para ensinalles a pensar tanto nas causas e nas alternativas como nas consecuencias dun dilema ou problema para que aprendan a convivir.

Así mesmo participase nos obxectivos de etapa intentando que os alumnos e as alumnas descubran e executen procesos creativos que contribúan, de forma gradual, á consolidación da súa propia identidade.

Contribúese, ademais, a través da activación no alumnado dunha serie de capacidades como actuar conforme a uns valores propios e democráticos, desde o respecto ás demais persoas e a si mesmo ou a si mesma, incluíndose neste aspecto aprendizaxes relacionadas coa atención e o respecto á diversidade afectiva e sexual, a igualdade das mulleres e os homes fronte á desigualdade e a violencia de xénero, a resolución de conflitos e mellóraa da convivencia. Tamén, potenciarase que o alumnado se responsabilice das súas propias actuacións, exercendo a iniciativa e o espírito emprendedor desde a creatividade, comprendendo e respectando a diversidade cultural, e desenvolvendo as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da súa personalidade.

## 5. CONTIDOS

A Intelixencia Emocional é un concepto desenvolvido polos científicos sociais Peter Salovey (Yale University) e John Mayer (University of New Hampshire) en 1990 e difundido con gran éxito comercial polo divulgador Daniel Goleman en 1995. Inclúense aquí contidos referidos á:

- 1) Percepción e expresión emocional: habilidade de percibir nun e noutros, emocións, así

como a capacidade de expresalas adecuadamente.

2) Facilitación emocional: capacidade de xerar sentimentos e emocións que faciliten tómaa de decisións e a solución de problemas.

3) Comprensión emocional: capacidade para integrar o que sentimos dentro do noso coñecemento emocional.

4) Regulación emocional: capacidade de aceptación e regulación emocional, é dicir estar abertos a estados emocionais positivos e negativos, a reflexionar sobre a información que os acompaña, así como ser capaces de modificar tanto as emocións propias como as doutras persoas.

Por outra parte, trátanse contidos propios da teoría do conflito, intimamente vinculada á teoría de xogos e aos estudos e escolas sobre negociación e mediación, dende a que se defende o conflito como oportunidade de aprendizaxe e se formulan estratexias para xestionar os problemas interpersoais de xeito pacífico. Son contidos deste ámbito as percepcións nos conflitos e os seus protagonistas, as fases do conflito, posicións, intereses, necesidades, asertividade, técnicas de escoita activa e as estratexias de xuízo, arbitraxe, mediación, conciliación e negociación.

A intelixencia creativa é a capacidade de xerar novas ideas ou conceptos, ou de novas asociacións entre ideas e conceptos coñecidos, que habitualmente producen solucións orixinais. Son contidos deste bloque o valor do pensamento creativo e as estratexias para fomentar a creatividade. O alumnado elaborará vídeos propios en grupo, polo que se empregarán contidos propios da creación audiovisual a favor da creatividade audiovisual.

Os contidos estrutúranse, pois en 6 bloques de coñecemento:

- Percepción e expresión emocional
- Facilitación emocional
- Comprensión emocional
- Regulación emocional
- Xestión pacífica de conflitos
- Creatividade e pensamento creativo.



## 6. PLANIFICACIÓN XERAL DOS CONTIDOS

**TEMA 1: CONCIENCIA EMOCIONAL** : A finalidade deste tema é tomar conciencia das nosas emocións, recoñecer as emocións nos demais e ser capaces de regular as emocións. Neste tema demos : que **emocións básicas** hai e os distintos compoñentes das emocións para entender as conexión que existen entre **o que sentimos, o que pensamos e o que facemos** ante cada un das emocións. Todo isto co obxectivo de coñecer e regular as nosas emocións. Por último establecerase onde residen as emocións e os tres compoñentes do cerebro.

### **TEMA 2. AUTOCONCEPTO**

Neste tema veremos que o auto concepto é a imaxe que nos temos sobre nos mesmos. E este vai cambiando ao longo do tempo . O auto concepto está composto polos distintos roles que temos que desempeñar na vida polo que cambia segundo o contexto. E por último a importancia de que a imaxe real e a imaxe social estea en equilibrio.

### **TEMA 3. EMOCIÓNS NA ADOLESCENCIA.**

Neste tema analizaremos as emocións na adolescencia. Na primeira parte do tema veremos os principais cambios que se dan nesta etapa ( os cambios físicos, os cambios emocionais e os cambios sociais), destacando un vídeo” **Mamá volveré tarde**” e un artigo del PAIS “**7 actitudes que no soportas de tu hijo adolescente**”.

Neste tema traballarase os seguintes bloques temáticos:

- **Bloque 1 : Percepción e expresión Emocional.** As sensacións corporais asociadas ás emocións. As emocións básicas. Tipos e clasificación Linguaxe e expresión emocional
- **Bloque 2 : Conciencia e comprensión emocional** Relación entre pensamentos e emocións. Simultaneidade, progresión e transición nas emocións. A empatía. A comprensión, razoamento e interpretación das súas emocións e a dos demais
- **Bloque 3: Autonomía Emocional.** Influencia das emocións no xeito de interpretar os feitos ou cousas. Influencia das emocións positivas e negativas na creatividade, a atención e no benestar da persoa
- **Bloque 4: Regulación Emocional.**

### **TEMA 4: O TEMA AMOR**

**Como** continuación do tema 3, se desenvolverá a emoción máis importante na adolescencia un o Amor. Nel se traballará a través do Programa de educación afectivo sexual, tendo como fio condutor el programa “Aprendemos juntos: a Mi yo adolescente” con Elsa Puset, que é o amor as súas fases e canto dura o amor. Nun segundo momento o amor romántico e a prevención da violencia de xénero nas relacións amorosas na adolescencia . Por último a diversidade sexual traballando conceptos de sexo asignado, identidade sexual, orientación sexual e expresión de xénero a través de tres vídeos ( Persoa, El mueble de las fotos e Pancanta) así como de material da asociación Arelas

**TEMA 5: A EDUCACIÓN AFECTIVO-SEXUAL E AS EMOCIÓNS:** proxección da película de “**O diario de Carlota**”, acompañada de actividades onde analizamos as distintas relación que se establecen entre os protagonistas e os diferentes temas que aparecen na película ( amor e sexualidade, facerse maior....) e un “quebracabezas” onde se repasará o vocabulario relacionado coa sexualidade.

**.TEMA 6. MUSICA E EMOCIÓNS.** Na primeira parte deste tema veremos como a música transmite emocións e elaboramos o Meu disco. A miña biografía musical. **O ARTE COMO VIA DE TRANSMISIÓN DE EMOCIÓNS** Na segunda parte do tema trataremos diferentes cadros onde se reflexaban alegría, medo, ira, asco, tristeza e sorpresa. Tomando as emocións como base para poner en coñecemento algúns pintores e pintoras. De todos destacaremos a Picasso, **Renoir**, como pintor da alegría; **Goya**, onde sobre todo nos centramos nas pinturas negras e o horror;

**Munch** e o seu cadro “ o grito”; e a tristeza que nos levou a coñecer a dúas pintoras, **Margarete Keane** a cal nos achegamos a través do visionado da película “ Big Eyes”; e **Frida Kahlo**.

Ao longo de todo o ano o alumnado intentará desenvolverse un “**Diario Emocional do día a día desta crise**” onde debía relaxar o aprendido sobre percepción das emocións, conciencia e comprensión das mesmas e autonomía emocional .

## 7. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DA TEMPORALIZACIÓN, DO GRADO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN E DOS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

### 7.1 ENSINANZA PRESENCIAL

**\*son estándares mínimos para a promoción**

Bloque 1. Percepción y expresión emocional	
IEC1.1. Identifica as sensacións corporais asociadas ás experiencias emocionais básicas. *	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Temporalización: primeiro trimestre</li> <li>2. Grado mínimo: nota de 5 sobre 10: demostra comprensión parcial do problema, mais a maior cantidade de requirimentos da tarefa están comprendidos na resposta.</li> <li>3. Procedemento e instrumento de avaliación: <b>proba escrita</b></li> </ol>
IEC1.2.1 Nomea e comprende as emocións básicas.*	
IEC1.2.2 Clasifica as emocións básicas IEC1.3.1 Expressa emocións de xeito preciso, con fluidez e precisión en contextos simulados IEC1.3.2 Utiliza un vocabulario emocional amplo.	
IEC 1.3.3 Realiza en grupo vídeos e presentacións virtuais sobre as emocións *	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Temporalización: 2º Trimestre</li> <li>2. Grado mínimo: 2</li> <li>3. Procedemento e instrumento de avaliación: <b>valoración do traballo realizado en grupo segundo a rúbrica “Traballo en equipo” de 1-4</b></li> </ol>
Bloque 2. Comprensión emocional	
IEC2.1.1 Ubica o sistema límbico e o cortex frontal como lugares onde se procesan e regulan as emocións básicas.* IEC2.1.2 Identifica as conclusións da teoría do apego IEC2.1.3 Identifica as conclusións dos experimentos clásicos sobre o autocontrol IEC2.1.4 Identifica as conclusións dos experimentos clásicos sobre indefensión aprendida IEC2.1.5 Coñece qué son as neuronas espello.	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Temporalización: primeiro trimestre</li> <li>2. Grado mínimo: nota de 5 sobre 10: demostra comprensión parcial do problema, mais a maior cantidade de requirimentos da tarefa están comprendidos na resposta.</li> <li>3. Procedemento e instrumento de avaliación: <b>proba escrita</b></li> </ol>

IEC2.2.1 Describe e valora a relación entre pensamentos e emocións en sí mesmo, en situacións reais concretas. * IEC2.2.2 Enumera diferentes estados de ánimo. *	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Temporalización: segundo trimestre</li> <li>2. Grado mínimo: nota de 5 sobre 10: demostra comprensión parcial do problema, mais a maior cantidade de requirimentos da tarefa están comprendidos na resposta.</li> <li>3. Procedemento e instrumento de avaliación: <b>proba escrita</b></li> </ol>
IEC 2.2.3 Identifica emocións nos demais en situacións simuladas.* IEC 2.3.1 Rexistra as consecuencias mais probables en si mesmo e nas outras persoas en relación a sucesos ou casos simulados. *	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Temporalización: 2º Trimestre</li> <li>2. Grado mínimo: 2</li> <li>3. Procedemento e instrumento de avaliación: <b>valoración do traballo realizado en grupo segundo a “Rúbrica Roll playing”</b></li> </ol>
<b>Bloque 3. Facilitación emocional</b>	
IEC 3.1.1 Relata exemplos persoais de influencia das emocións básicas nos pensamentos, actividades e comportamentos. *	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Temporalización: primeiro trimestre</li> <li>2. Grado mínimo: nota de 5 sobre 10: demostra comprensión parcial do problema, mais a maior cantidade de requirimentos da tarefa están comprendidos na resposta.</li> <li>3. Procedemento e instrumento de avaliación: <b>proba escrita</b></li> </ol>
IEC 3.1.2 Investiga a influencia das emocións nos procesos de pensamento e o benestar persoal utilizando medios virtuais e persoais.	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Temporalización: primeiro trimestre</li> <li>2. Grado mínimo: 2</li> <li>3. Procedemento e instrumento de avaliación: <b>“Rúbrica de traballo de investigación” de 1-4</b></li> </ol>
<b>Bloque 4. Regulación emocional</b>	
IEC4.1.1 Practica na clase as técnicas de relaxación, atención plena e introspección. *	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Temporalización: todo o curso, en cada unha das clases, 10 minutos.</li> <li>2. Grado mínimo: 2</li> <li>3. Procedemento e instrumento de avaliación: <b>“Táboa de autoobservación de relaxacións” de 1-4</b></li> </ol>

IEC4.1.2 Identifica, regula e resolve con asertividade situacións de conflito reais de clase ou simuladas.	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Temporalización: 2º Trimestre</li> <li>2. Grado mínimo: 2</li> <li>3. Procedemento e instrumento de avaliación: valoración do traballo realizado en grupo segundo a “Rúbrica Roll playing” de 1-4</li> </ol>
<b>Bloque 5. Xestión pacífica de conflitos</b>	
IEC1.5.1 Rexistra as distintas posicións, sentimentos, intereses e necesidades en casos simulados e supostos. IEC1.5.2 Distingue entre xuízo, arbitraje, mediación, conciliación e negociación e axuda entre iguais.	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Temporalización: 3º trimestre</li> <li>2. Grado mínimo: nota de 5 sobre 10</li> <li>3. Procedemento e instrumento de avaliación: proba escrita</li> </ol>
IEC1.5.2 Aplica o parafraseo, reflexo, clarificación e síntese, e utiliza as “mensaxes eu” en situacións simuladas.*	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Temporalización: 3º Trimestre</li> <li>2. Grado mínimo: 2</li> <li>3. Procedemento e instrumento de avaliación: valoración do traballo realizado en grupo segundo a “Rúbrica Roll playing” de 1-4</li> </ol>
IEC1.5.2 Realiza en grupo vídeos e presentacións virtuais sobre as emocións ou os métodos de xestión pacífica de conflitos.*	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Temporalización: 2º Trimestre</li> <li>2. Grado mínimo: 2</li> <li>3. Procedemento e instrumento de avaliación: valoración do traballo realizado en grupo segundo a “Rúbrica Roll playing”</li> </ol>
<b>Bloque 6. Creatividade</b>	
IEC6.1.1 Ofrece diferentes solucións a problemas simulados, utilizando as técnicas creativas.*	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Temporalización: primeiro trimestre</li> <li>2. Grado mínimo: 3</li> <li>3. Procedemento e instrumento de avaliación: <b>proba escrita</b></li> </ol>
IEC6.1.2 Aplica os aspectos teóricos da linguaxe audiovisual á elaboración de vídeos e outras producións.  IEC 6.1.3 Elabora en grupo vídeos e spots orixinais relacionados coas emocións e os conflitos.*	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Temporalización: 2º Trimestre e 3º trimestre</li> <li>2. Grado mínimo: 3</li> <li>3. Procedemento e instrumento de avaliación: <b>valoración do traballo realizado en grupo segundo a rúbrica “Traballo en equipo” de 1-4</b></li> </ol>

#### ENSINANZA SEMIPRESENCIAL OU A DISTANCIA

Debido a situación sanitaria actual é importante sinalar que se empregará EDIXGAL E Classroom simultaneamente coa ensinanza presencial. Reducindo se fose preciso os bloques temáticos a :

##### **Bloque 1 : Percepción e expresión Emocional.**

B1.1. As sensacións corporais asociadas ás emocións.

B1.2 As emocións básicas. Tipos e clasificación

B1.3 Linguaxe e expresión emocional

##### **Bloque 2 : Conciencia e comprensión emocional.**

B2.2.1. Relación entre pensamentos e emocións.

B2.2.2. Simultaneidade, progresión e transición nas emocións.

B2.2.3. A empatía.

B2.3 A comprensión, razoamento e interpretación das súas emocións e a dos demais

### **Bloque 3: Autonomía Emocional.**

B3.1.1 Influencia das emocións no xeito de interpretar os feitos ou cousas.

B3.1.2 Influencia das emocións positivas e negativas na creatividade, a atención e no benestar da persoa.

### **Bloque 4: Regulación Emocional.**

B4.1 Técnicas de respiración, de atención plena, relaxación e introspección.

## 8. CONCRECCIÓN METODOLÓXICA:

Empregarase unha metodoloxía constructivista, a saber:

- O suxeito constrúe o seu coñecemento gracias a súa actividade co medio.
- Estes coñecementos constitúen en cada momento a base dispoñible ou o punto de partida para construír novos coñecementos (para efectuar novas aprendizaxes).
- Dado que estes coñecementos son construcións culturais (trátase de elaboracións feitas polas persoas), a actividade do individuo está en todo momento mediada por axentes expertos (pais, compañeiros, profesores, etc.) que, a través de actividades de ensinanza, promoven a aprendizaxe.
- Se, como se dixo anteriormente, o suxeito aprende a partir da organización de coñecementos dos que xa dispón, favorécese e promóvese a aprendizaxe canto mellor se coñeza aquilo que o alumno xa sabe, porque así será posible conectar os novos contidos cos que xa posúe (fálase neste caso de aprendizaxe significativa).

Promoverase o papel activo do alumnado. Utilizarase a metodoloxía de aprendizaxe e servizo solidario, de axuda entre iguais e a aprendizaxe cooperativa na clase, co obxectivo tamén de atender adecuadamente á diversidade, polo que se tomarán as medidas ordinarias e extraordinarias que sexan necesarias.

Aínda que con clases expositivas iniciais, o papel do profesor será o de facilitador da aprendizaxe do alumnado. O estudo de casos, a representación teatral (teatro imaxe e do oprimido), a simulación en grupos, o estudo de fragmentos audiovisuais, a elaboración de *spots* e vídeos propios e o visionado de películas no cine de interese, serán as ferramentas metodolóxicas mais utilizadas.

No caso de que o alumnado non poida acudir a clase presencial terá o material por vía telemática e será necesario que elabore un diario emocional durante todo o curso reforzado en posibles momentos de confinamento ou que non poida acudir de maneira presencial.

## 9. MATERIAIS E RECURSOS:

Empregarase principalmente o programa INTEMO e os programas ditos anteriormente da Universidade de Málaga e recursos propios de carácter virtual e audiovisual (presentacións, blog, fragmentos de películas, etc). Requírese a utilización da cámara, trípode, ordenadores Abalar e outros apoios técnicos cos que xa conta o centro. O profesor proporciona ao alumnado o material propio de estudo e de traballo.

A materia é impartida polo orientador do centro, cunha atribución horaria dunha hora semanal. O seguimento da programación terá lugar na reunión mensual do departamento de orientación e constará en acta.

Referencias do texto:

- Mayer, J.D. y Salovey, P. (1997). What is emotional intelligence? En P. Salovey y D. Sluyter (eds.). Emotional Development and Emotional Intelligence: implications for educators (pp. 3-31). New York: Basic Books.
- DECRETO 89/2014, de 1 de agosto, por el que se establece la ordenación y el currículo de la Educación Primaria en la Comunidad Autónoma de Canarias.
- Ruiz-Aranda, D., Cabello, R., Salguero, J.M., Palomera, R., Extremera, N., y Fernández-Berrocal, P. (2013). Guía para mejorar la Inteligencia Emocional de los adolescentes. Programa Intemo. Madrid: Pirámide.

## 10. CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

### 10.1 A NIVEL XERAL

Os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe están previstos na proposta didáctica. Os obxectivos e contidos da materia avaliaranse mediante:

- Probas individuais escritas, sobre os estándares de aprendizaxe, corrixidas de 1 a 10 puntos, na que o 5 supón unha comprensión parcial do problema, mais a maior cantidade de requirimentos da tarefa sobre os estándares mínimos están comprendidos na resposta .

**Supón o 40% da nota final.**

- Rúbricas específicas:
  - Traballo en equipo, con escala de 0-4. **Supón o 20%**
  - Roll playing ou simulacións, con escala de 0-4. **Supón o 20%**
  - Táboa de autoobservación das relaxacións, con escala de 0-4. **Supón o 10%**
  - Investigación, con escala de 0-4. **Supón o 10%**

A escala de 0-4 significa nas rúbricas:

1. Non responde. Non intentou facer a tarefa. Non comprende o problema.
2. Demostra pouca comprensión do problema. Moitos dos requirimentos da tarefa faltan na resposta.
3. Demostra comprensión parcial do problema. A maior cantidade de requirimentos da tarefa están comprendidos na resposta.
4. Demostra considerable comprensión do problema. Case todos os requirimentos da tarefa están incluídos na resposta.
5. Demostra total comprensión do problema. Todos os requirimentos da tarefa están incluídos na resposta.

Os requisitos para a promoción responderán á superación dos mínimos esixibles indicados nesta programación.

#### A NIVEL ESPECÍFICO, TENDO EN CONTA A SITUACIÓN SANITARIA ACTUAL

- **A NIVEL XERAL:**

- En situación presencial**

*Probas individuais* escritas sobre os estándares de aprendizaxe, corrixidas de 1 a 10 puntos, na que o 5 supón unha comprensión parcial do problema, mais a maior cantidade de requirimentos da tarefa sobre os estándares mínimos están comprendidos na resposta. Supón o 40% da nota final

*Rúbricas específicas:*

-Traballo en equipo, con escala de 0-4. Supón o 20%

-Roll playing ou simulacións, con escala de 0-4. Supón o 20%

-Táboa de autoobservación das relaxacións, con escala de 0-4. Supón o 10%

-Investigación, con escala de 0-4. Supón o 10%

En situación de confinamento: realización de traballos e entrega dos mesmos telemáticamente

- **A NIVEL ESPECÍFICO SEGUNDO OS BLOQUES DE CONTIDOS**

**Bloque 1 y bloque 3: temporalización 1º trimestre:**

Grado mínimo: nota de 5 sobre 10: demostra comprensión parcial do problema, mais a maior cantidade de requirimentos da tarefa están comprendidos na resposta.

Procedemento e instrumento de avaliación: **proba escrita**

**Bloque 2 : 2º trimestre**

Grado mínimo: nota de 5 sobre 10: demostra comprensión parcial do problema, mais a maior cantidade de requirimentos da tarefa están comprendidos na resposta

Procedemento e instrumento de avaliación: **valoración do traballo realizado en grupo segundo a rúbrica "Traballo en equipo" de 1-4**

#### **Bloque 4: 2º trimestre ata fin de curso ( repaso e ampliación)**

Grado mínimo: nota de 5 sobre 10: demostra comprensión parcial do problema, mais a maior cantidade de requirimentos da tarefa están comprendidos na resposta

Procedemento e instrumento de avaliación: **“Táboa de autoobservación de relaxacións” de 1-4.**

#### **En situación de semipresencialidade ou a distancia**

Grado mínimo: nota de 5 sobre 10: demostra comprensión parcial do problema, mais a maior cantidade de requirimentos da tarefa están comprendidos na resposta

Procedemento e instrumento de avaliación: **“Diario Emocional de Confinamento” a entregar a través de via telemática.**

Instrumentos:

- proba escritas con preguntas a desenvolver en situación de ensinanza presencial.
- valoración do traballo realizado en grupo segundo a rúbrica **“Traballo en equipo” de 1-4**
- **Táboa de autoobservación de relaxacións” de 1-4**
- **Realización e entrega cunha precocidade quincenal dun “Diario Emocional do Confinamento”, en situación de semipresencialidade ou a distancia**

### **11. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.**

O logro docente avaliarase mediante enquisa anónima trimestral ao alumnado, atendendo aos seguintes criterios:

- Grao de adecuación da metodoloxía, dos recursos materiais, humanos e organizativos
- Clima creado
- Claridade nas explicacións
- Resposta á diversidade da aula
- Axuste de tempos e espazos

### **12. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS.**

Para o desenvolvemento do proceso de avaliación, seguirase o disposto no Artigo 4 da Orde do 21 de decembro de 2007 e no apartado quinto do Plan de Atención á Diversidade do Centro. Os



resultados desta avaliación levará asociado a posta en marcha das medidas de atención á diversidade prevista, a reorganización do grupo clase, e a revisión metodolóxica.

A avaliación será continua, formativa e criterial, entendida como proceso sistemático de recollida de información válida e fiable, dirixida a tomar decisións para permitir unha mellor resposta educativa. As conclusións recolleranse na memorial final e nas actas mensuais do departamento. Terá 3 momentos:

- Inicial: Detectando os coñecementos previos, recollendo datos para a detección temperá das necesidades de aprendizaxe e a avaliación inicial
- Procesual: avaliación continua de carácter formativo, a través tanto das xuntas de avaliación, como de reunións extraordinarias e de departamento, co obxecto de favorecer a introdución das modificacións necesarias, se fose o caso.
- Final: a valoración global das accións realizadas na que se indicará o nivel de consecución dos obxectivos previstos, así como as dificultades atopadas, as modificacións introducidas e as conclusións e propostas de mellora incorporaranse ao plan do curso seguinte.

Como ferramentas avaliación, destacamos os exames escritos, rúbricas, cuestionario online, anotacións e valoracións das diferentes realizacións, portfolio do profesor no que se fará constar a participación activa e traballo en grupo do alumno/a, análise estatístico da conflitividade da aula, memoria final e actas do departamento.

### 13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Contémplanse as medidas descritas no D 229/2011, no tócate ao reforzo educativo e ás adaptacións do currículo.

Por outro lado, as liñas metodolóxicas dispostas para atender á diversidade son:

- Utilización de EDIXGAL y /o classroom simultaneamente coa ensinanza presencial. Redundancia na presentacións de contidos (visual, cinestésica, etc...)
- Utilización das TIC .
- Aposta por unha metodoloxía constructivista, utilizando a exposición oral co traballo cooperativo e a estratexia de aprendizaxe e servizo solidario (ver punto 6 desta programación) Tratamento dos distintos tempos e ritmos de asimilación, propoñendo tarefas educativas con múltiples niveis e dificultade progresiva.
- Promover os hábitos e as actitudes de traballo individuais nas tarefas diarias: resumo, subraiado, mapas conceptuais, etc.
- Adaptación e priorización dos obxectivos e contidos do currículo de acordo cos mínimos esixibles en función das necesidades do alumno ou da alumna.

- Cambio da metodoloxía de avaliación (tipo de exame, priorizar a valoración de traballos) etc.

#### 14. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

A educación para o emprendemento, a educación cívica e constitucional, a expresión oral e escrita no campo das emocións e a prevención contra calquera tipo de violencia forman parte do currículo formal desta materia e xa foi fundamentada no punto 2 desta programación. A educación emocional e para a creatividade fomenta aprendizaxes directos neste sentido pois forman parte dos contidos a creatividade, a resolución pacífica dos conflitos, e a xestión das emocións respectando a diversidade. Tamén, o traballo en equipo son criterios claros para as cualificacións finais.

A comunicación audiovisual e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación forman parte da materia pois están planificadas tarefas destinadas á elaboración por parte do alumnado de materiais audiovisuais.

Nos materiais elaborados polo profesor garantírase a utilización dunha linguaxe coeducada. Trataranse os prexuízos sexistas respecto das emocións asociadas tipicamente ao sexo masculino e feminino. A asignación de tarefas en grupo seguirá criterios diferentes ao sexo do alumnado, así como identificación e corrección de xuízos sexistas durante as clases.

#### 15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS POR CADA DEPARTAMENTO DIDÁCTICO.

- Saída didáctica ao cine/ teatro o museo para traballar o tema das emocións e o arte
- Encontro de convivencia no centro sobre materia de igualdade.
- Saídas ao CEIP Mar de Fóra e CEIP Areouta para a mostra dos resultados dos vídeos elaborados polo alumnado.

#### 14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Esta programación será revisada unha vez ao mes por parte do xefa do departamento de orientación. As revisións e posibles modificacións da programación farase constar nas actas

deste departamento. Tamén, as conclusións formarán parte da memoria anual do Plan de Convivencia, pois formará parte dos seus obxectivos estratéxicos.

Identifícanse a continuación os momentos e ferramentas para avaliar esta programación:

**Avaliación inicial da programación:** coa información recollida reaxustaranse os obxectivos e contidos e a presentación dos mesmos, constando na libro de actas do departamento.

Utilizaranse as seguintes ferramentas:

- Revisión dos informes de avaliación final e da información psicopedagóxica
- Deseño de probas específicas para detectar os coñecementos previos e o alumnado que precisará reforzo educativo.
- Información extraída do alumnado procedente das xornadas de pre-avaliación

**Avaliación procesual da programación:** na reunión semanal do departamento discutirase o avance da programación e o procederese ó axuste da mesma ó avance dos diferentes grupos-clase. Prestaráselle especial atención ó alumnado con NEAE. Ademais, logo das xornadas de avaliación, introducirase o seguinte punto na orde do día: “Reaxuste da programación didáctica acorde dos resultados acadados”

**Avaliación final da programación: levarase a cabo mediante as seguintes ferramentas:**

- Memoria do departamento.
- Resumo dos reaxustes na programación que constan no libro de actas.
- Memoria das medidas de reforzo
- Cuestionario ó alumnado sobre os contidos tratados e a función exercida polo profesorado etc.

Engádense a estes criterios, de cara a avaliar globalmente a materia, o impacto na mellora do clima escolar e a redución dos conflitos na clase.

## 15. PROPOSTA CURRICULAR

OBXECTIVOS XERAIS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CHAVE
Bloque 1. Percepción y expresión emocional				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• d</li> <li>• m</li> <li>• f</li> </ul>	B1.1. As sensacións corporais asociadas ás emocións.	B1.1 Percibe as emocións básicas.	IEC1.1. Identifica as sensacións corporais asociadas ás experiencias emocionais básicas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CCL</li> <li>• CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• d</li> <li>• g</li> </ul>	B1.2 As emocións básicas. Tipos e clasificación.	B1.2. Coñecer e clasificar as emocións básicas.	IEC1.2.1 Nomea e comprende as emocións básicas. IEC1.2.2 Clasifica as emocións básicas	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CCL</li> <li>• CSIEE</li> <li>• CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• d</li> <li>• e</li> <li>• g</li> <li>• h</li> <li>• n</li> </ul>	B1.3 Linguaxe e expresión emocional	B 1. 3 Expresar as emocións básicas	IEC1.3.1 Expresa emocións en contextos simulados de xeito preciso e con fluidez IEC1.3.2 Utiliza un vocabulario emocional amplo. IEC 1.3.3 Realiza en grupo vídeos e presentacións virtuais sobre as emocións	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CCL</li> <li>• CSIEE</li> <li>• CAA</li> <li>• CD</li> <li>• CCEC</li> </ul>

Bloque 2. Comprensión emocional				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• b</li> <li>• c</li> <li>• d</li> <li>• e</li> <li>• h</li> <li>• i</li> </ul>	B2.1.1 Coñecemento dos achados científicos básicos en relación á intelixencia emocional	B2 Coñecer as conclusións dos principais estudos e experimentos en IE	<p>IEC2.1.1 Ubica o sistema límbico e o cortex frontal como lugares onde se procesan e regulan as emocións básicas.</p> <p>IEC2.1.2 Identifica as conclusións da teoría do apego</p> <p>IEC2.1.3 Identifica as conclusións dos experimentos clásicos sobre o autocontrol</p> <p>IEC2.1.4 Identifica as conclusións dos experimentos clásicos sobre indefensión aprendida</p> <p>IEC2.1.5 Coñece qué son as neuronas espello.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CD</li> <li>• CAA</li> <li>• CCEC</li> <li>• CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• b</li> <li>• c</li> <li>• d</li> <li>• e</li> <li>• h</li> <li>• i</li> </ul>	<p>B2.2.1. Relación entre pensamentos e emocións.</p> <p>B2.2.2. Simultaneidade, progresión e transición nas emocións.</p> <p>B2.2.3. A empatía.</p>	B2.2 Percibir e recoñecer os estados emocionais propios e alleos con significado.	<p>IEC2.2.1 Describe e valora a relación entre pensamentos e emocións en sí mesmo, en situacións reais concretas.</p> <p>IEC2.2.2 Enumera diferentes estados de ánimo.</p> <p>IEC 2.2.3 Identifica emocións nos demais en situacións simuladas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CD</li> <li>• CAA</li> <li>• CCEC</li> <li>• CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• c</li> <li>• d</li> <li>• g</li> <li>• h</li> </ul>	B2.3 A comprensión, razoamento e interpretación das súas emocións e as das demais persoas en relación dun suceso desencadenante.	B2.3 Comprender e analizar as emocións en relación a un suceso desencadenante.	IEC 2.3.1 Rexistra as consecuencias máis probables en si mesmo e nas outras persoas en relación a sucesos ou casos simulados.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CAA</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
Bloque 3. Facilitación emocional				

<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• d</li> <li>• e</li> <li>• g</li> </ul>	B3.1.1 Influencia das emocións no xeito de interpretar os feitos ou cousas.	B3.1 Identificar, xerar e utilizar as emocións de cara a favorecer os procesos cognitivos e o benestar persoal	IEC 3.1.1 Relata exemplos persoais de influencia das emocións básicas nos pensamentos, actividades e comportamentos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CD</li> <li>• CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• d</li> <li>• e</li> <li>• g</li> </ul>	B3.1.2 Influencia das emocións positivas e negativas na creatividade, a atención e no benestar da persoa.		IEC 3.1.2 Investiga a influencia das emocións nos procesos de pensamento e o benestar persoal utilizando medios virtuais e persoais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CD</li> <li>• CMCCT</li> </ul>
<b>Bloque 4. Regulación emocional</b>				
<b>A.</b> a <b>B.</b> d <b>C.</b> m	B4.1 Técnicas de respiración, de atención plena, relaxación e introspección.	B4.1 Identificar e aplicar estratexias de regulación emocional.	IEC4.1.1 Practica na clase as técnicas de relaxación, atención plena e introspección.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CAA</li> <li>• CCEC</li> <li>• CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• c</li> <li>• d</li> <li>• m</li> </ul>	B4.2.1 Autocontrol e resistencia á frustración. B4.2.2 A resiliencia.	B4.2 Xestionar as emocións propias e alleas. Ser consciente da capacidade de influír nas persoas. Regular a impulsividade.	IEC4.1.2 Identifica, regula e resolve con asertividade situacións de conflito reais de clase ou simuladas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CCL</li> <li>• CAA</li> <li>•</li> </ul>
<b>Bloque 5. Xestión pacífica de conflitos</b>				

<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• c</li> <li>• d</li> <li>• i</li> <li>• m</li> </ul>	<p>B5.1.1 O conflito como oportunidade de aprendizaxe.</p> <p>B5.1.2 Percepcións nos conflitos. Atención e memoria selectiva.</p> <p>B5.1.3 Intereses, posicións e necesidades</p>	B5.1. Coñecer os elementos básicos dos conflitos interpersonais	IEC1.5.1 Rexistra as distintas posicións, sentimentos, intereses e necesidades en casos simulados e supostos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CCL</li> <li>• CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• b</li> <li>• d</li> <li>• f</li> <li>• h</li> <li>• i</li> <li>• m</li> </ul>	B5.4. Técnicas de escoita activa e da comunicación asertiva.	B5.2 Coñecer e por en marcha estratexias favorecedoras da comunicación	IEC1.5.2 Aplica o parafraseo, reflexo, clarificación e síntese, e utiliza as “mensaxes eu” en situacións simuladas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CCL</li> <li>• CAA</li> <li>• CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• b</li> <li>• c</li> <li>• d</li> <li>• e</li> <li>• f</li> <li>• h</li> <li>• i</li> <li>• m</li> </ul>	B5.5. Métodos de xestión pacífica de conflitos e de axuda entre iguais.	B5.3 Coñecer os diferentes métodos de resolución de conflitos e de axuda entre iguais.	<p>IEC1.5.2 Distingue entre xuízo, arbitraje, mediación, conciliación e negociación e axuda entre iguais.</p> <p>IEC1.5.2 Realiza en grupo vídeos e presentacións virtuais sobre as emocións ou os métodos de xestión pacífica de conflitos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CCL</li> <li>• CAA</li> <li>• CMCCT</li> <li>• CD</li> </ul>
<b>Bloque 6. Creatividade</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>0. b</li> <li>1. e</li> <li>2. f</li> </ul>	<p>B6.1.1 O valor da creatividade no mundo actual</p> <p>B6.1.2 Pensamento diverxente. Técnicas de pensamento creativo</p>	B6.1 Experimentar e aplicar principios e estratexias de pensamento diverxente	IEC6.1.1 Ofrece diferentes solucións a problemas simulados, utilizando as técnicas creativas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ CAA</li> <li>○ CSIEE</li> <li>○ CCL</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>○ e</li> <li>○ h</li> <li>○ n</li> <li>○ g</li> </ul>	<p>B6.2 Linguaxe audiovisual e creatividade visual</p>	<p>B.6.2 Desenvolver a creatividade visual</p>	<p>IEC6.1.2 Aplica os aspectos teóricos da linguaxe audiovisual á elaboración de vídeos e outras producións.</p> <p>IEC 6.1.3 Elabora en grupo vídeos e spots orixinais relacionados coas emocións e os conflitos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ CSC</li> <li>○ CAA</li> <li>○ CCL</li> <li>○ CCEC</li> <li>○ CSIEE</li> <li>○ CD</li> </ul>
--	--	--	--	--